


Ilustracións de portada de dúas edicións de 'Moby Dick', de Herman Melville.

—Análise Candorcas



Xavier Queipo
Escritor

Este verán os medios de comunicación presentáronos un día de cada dous información sobre as candorcas. Tal parece que nas augas que bañan as costas de Portugal e Galiza, estivesen pasando unha tempada varios clans de candorcas que atacaron veleiros producindo neles danos no leme e noutras estruturas externas.

Trátase, aínda que en principio non se vexa como tal, dun problema cultural. De memoria e coñecemento, de ética e antropoloxía. Os especialistas non entenden que sexa un problema excepcional, senón produto do comportamento lóxico cando un ser vivo in-

telixente é molestado no seu medio natural.

Anos atrás, traballando eu nas pescarías de atún vermello, alimento privilexiado na dieta das candorcas, souben por experiencia propia que elas entran con regularidade nas almadrabas do Golfo de Cádiz perseguindo cardumes de atúns, ocasionando importantes perdas nestas artes, o que está documentado dende a Idade Media.

Dirán que iso acontece nas almadrabas e aquí fálanse de veleiros. Tamén nestes casos hai antecedentes, algún deles ben documentado e até famoso. A meirande parte dos lectores coñecerán a historia de Moby Dick, o cachalote que levou por diante a perna do capitán Ahab nun primeiro encontro e o seu navío, o Pequod, nun confronto posterior. A novela de Melville está baseada nun feito real: o afundimento en 1920, por ataque dun cachalote, do baleeiro Essex e a posterior epopea dos seus tripulantes, que atravesaron o Océano Pacífico até chegar ás costas de América do Sur.

De feito, a novela de Melville remata xusto no intre no que o

— A reacción ante a presenza de candorcas en augas galegas é unha cuestión antropolóxica, cultural e ética

comeza a grande epopea dos tripulantes do Essex.

Carácter agresivo

Pois ben, aconteceu que estes días estaba eu lendo o libro *In the Hearth of the Sea*, de Nathaniel Philbrick, que relata a aventura do Essex, cando descubrí a seguinte pasaxe: "[O capitán] Pollard contoulles que ese navío fora atacado por unha balea. En troques dun cachalote, tratárase dunha balea máis pequena mais moito máis agresiva, unha candorca. Esas baleas armadas de dentes, de oito a doce toneladas de peso aliméntanse de animais de sangue quente, coma golfinhos e focas, cazan en grupo e cóntase que atacan e aínda matan cachalotes. Hai casos documentados nos que as candorcas golpearan violentamente e conseguiran afundir veleiros de madeira".

Na narración do caso real que a eles sucedera mentres atravesaban o Pacífico, Pollard relata: "Sen sufrir ningunha provocación [a candorca] golpeou violentamente coa súa cabeza contra a amura do bote e arrincou cos seus dentes unha parte

importante da borda. Despois púxose a nadar arredor do bote golpeándoo repetidamente coa cachola e coa cola, xogando con nós ao gato e aos rato, antes do seu ataque final, esta vez rachando o bote pola súa popa".

Estes exemplos ilustran, con anécdotas recentes ou remotas, o carácter agresivo das candorcas. No caso das almadrabas perseguindo atúns vermellos e, no segundo, atacando directamente aqueles botes que se cruzaban no seu camiño, sen outra intención coñecida que destruílos. Os expertos no comportamento das candorcas falan dunha conduta aprendida, na que se transmite no interior do clan esa agresividade verbo dos veleiros.

Hábitat natural

Por iso vexo algo desproporcionado considerar a presenza de candorcas como un obstáculo á navegación que impida a libre circulación de navíos de recreo e que requira a intervención das autoridades para 'facer desaparecer as candorcas', que é o que reclaman aqueles que se ven molestados. Vexo desproporcionado, tamén, que a páxina de información marítima de dous xornais galegos insistise a diario nesa noticia, case nunca aportando novos datos ou aportando algún coñecemento salientábel mais alá da denuncia dos posuidores de iates, que —pobriños— se senten molestados.

Xa se sabe que os orcos teñen o seu instinto cazador moi desenvolvido. Estarían dispostos a masacrar golfinhos (atácanlle as redes), lobos (mátanlle as ovellas), xabarís (cómennlle as colleitas) e, por descontado, candorcas. Se elas constitúen ou non un perigo para a navegación ou se trata de incidentes illados e moitas veces evitábeis, habería que esperar que nos ilustrasen os que estudan o comportamento das candorcas e non deixar, por descontado, que calquera orco tome a xustiza pola man.

—Estamos diante dunha situación de interacción entre unha especie que habita o seu entorno natural e uns navegantes que entran no seu territorio acuático. Algo que, ademais, como foi ilustrado por exemplos anteriores, nin é exclusivo destas augas nin é un fenómeno recente.